

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	ALFOZ
Edificio	Igrexa de Santiago de Adelán
Dirección	Lugar da Igrexa, 2. 27773
	43.516710 -7.395374
Protección	
Descrición	<p>A igrexa actual é o froito dunha serie de intervencións ao longo dos séculos. Del século XII consérvanse algúns elementos, aínda que a parroquia xa existía no século VII e hai autores que datan a portada no século X, pero o resto da construción é do século XVII. Ten tres naves separadas por arcos de medio punto e a sancristía situada detrás da cabeceira. A teitume da capela maior é de madeira e caída a catro augas e a sancristía a tres. A fachada principal conserva a portada románica, con arco de medio punto con dúas arquivoltas de arco de medio punto e dous pares de columnas con capiteis con ornamentación vexetal e zoomorfa. As bases son, a súa vez, capiteis invertidos da época sueva ou visigoda. Presentan decoración variada dende o peixe (primitivo signo cristián) ata a concha de vieira (o patrón da parroquia e de Santiago) pasando polos motivos vexetais. No muro exterior da sancristía, atópase unha cruz sobre o círculo que pode ser símbolo de consagración do templo na época medieval. Ten espadana de dous vans e consérvanse retablos no interior.</p>
Campás	2 campás.
Fotos	1
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autors da documentación	TROIANO CARRIL, Xosé / PATRIMONIOGALEGO.NET
Data	20-02-2026

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Menor.	BLANCO LÓPEZ, JOSÉ ANTONIO (MONDOÑEDO)	1909	55	96
Espadana	Maior.	CABRILLO MAYOR, JOSÉ	1943	60	125

Información completa: [Igrexa de Santiago de Adelán - ALFOZ \(GALICIA\)](#)

